



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE ORGANIZACIÓN DA CORPORACIÓN CELEBRADA POLO PLENO O 12 DE XULLO DE 2019.

ASISTENTES:

PRESIDENTA:

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)
D^a María del Carmen González García (PP)
D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)
D^a Caridad González Cerviño (PSOE)
D^a María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)
D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)
D. Ramón Lago Tajés (PSOE)
D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)
D. Jose Manuel Quintela Fernández,(CxG)
D. Jose Antonio Uhía Martínez (CxG)
D^a María Lago Lestón (BNG)
D^a Paula Simal Mayo (BNG)

INTERVENTOR

D. Fernando Vicente Abraldes Rois

SECRETARIA XERAL

D^a María Ofir Aboy García

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as catorce horas, do día de referencia reúnen en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria de organización da corporación 2019-2023, asistidos de min, a secretaria xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A señora alcaldesa do concello de Muros, dona Inés Monteagudo Romero, da a benvida a todos e todas, e abre a sesión extraordinaria de organización da nova corporación 2019-2023 na que dí que é unha satisfacción persoal poder dicir que están oito mulleres e que ahí si son maioría

PARA DAR CONTA

Constitución dos grupos políticos municipais



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

O pleno dase por enterado da constitución do grupo municipal popular actuando como voceira dona María Inés Monteagudo Romero, e voceiros suplentes dona María del Carmen González García, don José Vázquez Rama e don Juan Manuel Martínez Martínez. Do grupo municipal socialista actuando como voceira dona Caridad González Cerviño. Do grupo municipal Compromiso por Galicia, actuando como voceira dona María Xosé Alfonso Torres, e como suplentes don José Antonio Uhía Martínez e don José Manuel Quintela Fernández e do grupo municipal do BNG actuando como voceira dona María Lago Lestón e como suplente dona Paula Simal Mayo.

Resolucións da alcaldía de, membros da Xunta de Goberno Local, nomeamentos de tenentes de alcalde, creación de concellerías delegadas e delegacións conferidas.

A alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero procede á lectura das resolucións da alcaldía de membros da Xunta de Goberno Local, de nomeamentos de tenentes de alcalde, de creación de concellerías delegadas e delegacións conferidas así como do decreto de rectificación de erros sobre as resolucións dictadas. O pleno dase por enterado dos decretos dictados pola alcaldía

PARA DELIBERACIÓN E ACORDO

Primeiro.- Periodicidade das sesións ordinarias do pleno e da xunta de goberno local:

A señora alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero da lectura a proposta de acordo que eleva ao pleno da corporación que é do tenor literal seguinte:

Teño a ben elevar ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo, non obstante decidirá o que estime pertinente:

Primeiro.- Que o Pleno do Concello de Muros celebre as súas sesións ordinarias mensualmente, o último xoves de cada mes ás 20:30 horas, e se algún destes días cadra en festivo, trasladaranse á véspera ou ó día seguinte á mesma hora. Nos meses de agosto e decembro non haberá sesións ordinarias do Pleno do Concello.

Segundo.- Que as convocatorias do Pleno do Concello de Muros sexan notificadas aos concelleiros por correo electrónico.

Terceiro.- Que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local se celebren cada 15 días notificando ditas sesións con antelación de 24 horas aos seus compoñentes por correo electrónico, acompañada da orde do día dos asuntos a tratar.

Antes de dar a palabra os voceiros a alcaldesa dí que ten que facer un inciso xa que no mes de xullo deste ano o último xoves do mes, o 25 é festivo e polo tanto se todos están de acordo se podería pasar a data da sesión ordinaria para o día 31 de xullo. Todos os concelleiros/as mostran a súa conformidade.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño que comeza dando a enhoraboa ao grupo municipal popular pola toma de posesión da alcaldía do concello de Muros e quere dicir que o goberno anterior de tres o califica de desastroso e que é unha pena que se volva a ter un goberno en minoría e espera que isto se arranxe de algunha maneira porque Muros merece un goberno estable en maioría para que todas as propostas se poidan sacar adiante. En canto as sesións ordinarias do pleno están de acordo e sobre as sesións de xunta de goberno local tamén lle parece ben,



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

e que en todo caso o ten que decidir o goberno. Sobre as notificacións das convocatorias por correo electrónico dí que sempre se lle aportaba unha copia en papel.

Intervén a voceira do grupo municipal de Compromiso por Galicia, dona María Xosé Alfonso Torres que di que tamén lle parece ben a periodicidade das sesións do pleno e en canto a de as xuntas de goberno local que é mellor o goberno quen decida. Con respecto a ter un goberno en minoría e os atrancos que poda ter iso está en relación coa oposición e que eles están dispostos a falar e negociar calquera proposta que se lles traslade e que entende que non debería haber tantos atrancos como no mandato pasado.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG, dona María Lago Lestón que di que non teñen nada en contra da periodicidade das sesións tanto do pleno como da xunta de goberno local.

Intervén a alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero que dí que aínda que se establece a periodicidade das sesións da xunta de goberno local como mínimo cada quince días a súa intención e celebralas si se pode, semanalmente. Toma nota da copia en papel que solicita ademais dunha chamada de confirmación de que se recibiron todos os correos oportunos.

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación, por unanimidade dos seus membros, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Que o Pleno do Concello de Muros celebre as súas sesións ordinarias mensualmente, o último xoves de cada mes ás 20:30 horas, e se algún destes días cadra en festivo, trasladaranse á véspera ou ó día seguinte á mesma hora. Nos meses de agosto e decembro non haberá sesións ordinarias do Pleno do Concello.

Segundo.- Que as convocatorias do Pleno do Concello de Muros sexan notificadas aos concelleiros por correo electrónico.

Terceiro.- Que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local se celebren como mínimo cada 15 días notificando ditas sesións con antelación de 24 horas aos seus compoñentes por correo electrónico, acompañada da orde do día dos asuntos a tratar.

Segundo.- Creación e composición de comisión informativas permanentes

Intervén a alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero que procede a da lectura a proposta de acordo que eleva ao pleno da corporación que é do tenor literal seguinte:

Teño a ben elevar ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo, non obstante decidirá o que estime pertinente:

Primeiro.- *Constituír as Comisións Informativas permanentes que a seguir se relacionan:*

- *Promoción económica, emprego e turismo, con atribucións nas materias relativas a promoción económica, emprego e turismo.*
- *Persoal Economía e facenda, con atribucións nas materias relativas a persoal e facenda e especial de Contas.*
- *Benestar social, muller e sanidade, con atribucións nas materias relativas a benestar social, muller e sanidade.*
- *Educación, cultura, deporte e xuventude, con atribucións nas materias relativas a educación, cultura, deporte e xuventude.*



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- *Urbanismo, obras, servizos e medio ambiente, con atribucións nas materias relativas a urbanismo, obras, servizos e medio ambiente.*

Segundo.- *As Comisións Informativas Permanentes asumirán as funcións de estudo e ditame previo de cantos asuntos se sometan á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, cando esta exercite competencias delegadas polo Pleno agás no caso de adopción de acordos declarados urxentes, e naqueles asuntos que non sendo de competencia plenaria así o decidan expresamente a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local.*

Así mesmo, correspóndelle o seguimento da xestión da Alcaldía, da Xunta de Goberno Local e das Concellerías que ostenten delegacións, sen prexuízo da competencia de control do Pleno.

Terceiro.- *As Comisións Informativas estarán presididas pola Sra. alcaldesa ou concelleiro no que delegue, aplicándose o sistema de voto ponderado: Grupo Popular 31%; PSdeG-PSOE: 31%, CxG 23% e BNG: 15%.*

Cuarto.- *As Comisións Informativas axustarán o seu funcionamento ao regulado nos art. 123 a 126 e 134 a 138 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, e celebrarán sesión ordinaria na data e hora establecidas pola Sr. alcaldesa, coa mesma periodicidade que as sesións do Pleno.*

Intervén a alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero que dí que a proposta é practicamente igual que a de 2015 con cinco comisións informativas nas que cree que deben ter encaixe todos os asuntos que se podan debater. Neste punto dicir que o informe de secretaría di que deberán designar mediante escrito á alcaldía a persoa que queiran que este en cada unha das comisións informativas.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño que di que entende que a orde debería ser primeiro as dedicacións e logo as comisións informativas. Non entende moi ben como se encuadra as áreas das comisións cas delegacións e dedicacións que teñen no goberno. ¿Cal é o concelleiro que vai a vir á comisión?. Tamén di que lle parece moi ben o voto ponderado. Cree que aproveitaron as comisións que había feitas pero cree que non vai cuadrar.

Intervén a voceira do grupo municipal de Compromiso por Galicia que dí que a proposta e igual a de 2015 e a eles lles parece ben. E igual que estes catro anos no houbo problemas ca asistencia dos concelleiros ás comisións informativas tampouco cree que os vaia a ver agora porque co voto ponderado é por grupo e que con iso queda todo claro.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG, dona María Lago Lestón que dí que eles no teñen nada que obxectar e lle parece unha distribución lóxica. O que sí quere dicir e que pide que as comisións se fagan nun horario que permita a asistencia das persoas que teñen que traballar fora do concello e poder compaxinar dita asistencia cos nosos empregos.

Intervén a alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero que dí que quere contestar á voceira do grupo municipal socialista e comeza un novo debate no que se explica pola alcaldesa que ela preside todas as comisións informativas e hai un portavoz por cada grupo da oposición, se algún solicita que



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

compareza o concelleiro delegado dunha área concreta, comparecerá pero o voto e un por cada grupo ao ser voto ponderado veñen funcionando como estes últimos catro anos.

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular, do grupo municipal de Compromiso por Galicia, e do grupo municipal do BNG e a abstención do grupo municipal socialista adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Constituír as Comisións Informativas permanentes que a seguir se relacionan:

- Promoción económica, emprego e turismo, con atribucións nas materias relativas a promoción económica, emprego e turismo.
- Persoal Economía e facenda, con atribucións nas materias relativas a persoal e facenda e especial de Contas.
- Benestar social, muller e sanidade, con atribucións nas materias relativas a benestar social, muller e sanidade.
- Educación, cultura, deporte e xuventude, con atribucións nas materias relativas a educación, cultura, deporte e xuventude.
- Urbanismo, obras, servizos e medio ambiente, con atribucións nas materias relativas a urbanismo, obras, servizos e medio ambiente.

Segundo.- As Comisións Informativas Permanentes asumirán as funcións de estudo e ditame previo de cantos asuntos se sometan á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, cando esta exercite competencias delegadas polo Pleno agás no caso de adopción de acordos declarados urxentes, e naqueles asuntos que non sendo de competencia plenaria así o decidan expresamente a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local.

Así mesmo, correspóndelle o seguimento da xestión da Alcaldía, da Xunta de Goberno Local e das Concellerías que ostenten delegacións, sen prexuízo da competencia de control do Pleno.

Terceiro.- As Comisións Informativas estarán presididas pola Sra. alcaldesa ou concelleiro no que delegue, aplicándose o sistema de voto ponderado: Grupo Popular 31%; PSdeG-PSOE: 31%, CxG 23% e BNG: 15%.

Cuarto.- As Comisións Informativas axustarán o seu funcionamento ao regulado nos art. 123 a 126 e 134 a 138 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, e celebrarán sesión ordinaria na data e hora establecidas pola Sr. alcaldesa, coa mesma periodicidade que as sesións do Pleno.

Terceiro.- Nomeamento de representantes da corporación en órganos colexiados competencia do pleno

Intervén a alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero que procede a da lectura a proposta de acordo que eleva ao pleno da corporación que é do tenor literal seguinte:

Teño a ben elevar ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo, non obstante decidirá o que estime pertinente:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Primeiro.- Designar como representantes municipais nos Consellos Escolares dos centros docentes públicos deste concello aos/ás concelleiros/as que se indican:

- CEIP “Ricardo Tobio”: Á concelleira María del Carmen González García
- CEIP “Ramón de Artaza” ”: Á concelleira María del Carmen González García
- IES “Fontexería” ”: Á concelleira María del Carmen González García
- IES “As Insuas” ”: Á concelleira María del Carmen González García
- Colexio de Educación primaria “Agra da Filgueira”: Á concelleira María del Carmen González García
- Escola de educación infantil de Muros: Á concelleira María del Carmen González García
- Escola de Educación infantil de Tal: Á concelleira María del Carmen González García
- Consello escolar Municipal: Á concelleira María del Carmen González García

Segundo.- Designar como representantes municipais nas mancomunidades das que forma parte o Concello de Muros aos seguintes:

- Mancomunidade de concellos “Serra do Barbanza”: Á Sra. alcaldesa e un vogal de cada un dos grupos políticos municipais.
- Mancomunidade da Auga dos concellos de Carnota e Muros: Á Sra. alcaldesa e un vogal pertencente a cada un dos grupos políticos non integrados no goberno municipal.
- Mancomunidade “Xallas- Tines- Tambre”: a) Pleno: Á Sra. alcaldesa e dous vogais designados polos grupos políticos non integrados no goberno municipal; b) Xunta de Goberno Local: a Sra. alcaldesa.

Terceiro.- Designar como representantes do Concello de Muros nos órganos colexiados que se indican a continuación aos seguintes:

- Mesa local de Comercio: Á señora Alcaldesa e a Concelleira María del Carmen González García
- Rede Galega de Concellos para a Sustentabilidade: O concelleiro José Vazquez Rama
- Rede Galega de Dinamización Lingüística Representante político, a concelleira María del Carmen González García e representante técnico. Dona Graciela Castro Alvela, suplente, Don David Pastoriza Fernández

Cuarto.- A designación de vogais dos órganos colexiados polos grupos políticos farase mediante escrito do/a seu/súa voceiro/a dirixido á Alcaldía no prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte ao de adopción deste acordo.

A señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero abre un turno de intervención.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño que di que sobre isto non teñen nada que dicir salvo que lle parece excesivo a representación da concelleira María del



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Carmen González García, que non dubidan para nada da súa capacidade de traballo pero si dubidan que teña o don da ubicuidade pero co tempo verase si está ben ou non.

Intervén a voceira do grupo municipal de compromiso por Galicia dona María Xosé Alfonso Torres que di que coincide en que poda haber problema na coincidencia de que estea a mesma persoa nos consellos escolares de distintos centros educativos porque soe pasar que coincidan no mesmo día pero si ao goberno lle encaixa mellor así eles non teñen nada que obxectar. Pregunta se é un erro que na proposta da representación na Rede Galega de Concellos para a Sustentabilidade esté José Vazquez Rama porque as delegacións de medio ambiente as ten Juan Manuel Martínez e se falta nomear un suplente da señora concelleira María del Carmen González García na Rede Galega de Dinamización lingüística, ou está ben así.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón que di que na mesma liña que dí a voceira do grupo municipal Compromiso por Galicia na proposta arriba pon un nome e despois pon outro e entón pregunta que cal queda.

Intervén a secretaria da corporación co permiso da presidencia para dicir que o que ocorreu foi un erro de transcripción na proposta trasladada pola alcaldesa.

Intervén a alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que pola súa experiencia é raro que coincidan os consellos escolares pero de ocorrer iso buscaríamos solución. En principio non prevé suplente para a Rede Galega de Dinamización lingüística porque non é necesario e se fose necesario tamén se faría. Se deixa como proposta a Juan Manuel Martínez como representante na Rede Galega de Concellos para a Sustentabilidade.

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular e grupo municipal do BNG , e a abstención do grupo municipal socialista e do grupo municipal de Compromiso por Galicia adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Designar como representantes municipais nos Consellos Escolares dos centros docentes públicos deste concello aos/ás concelleiros/as que se indican:

- CEIP “Ricardo Tobio”: Á concelleira María del Carmen González García
- CEIP “Ramón de Artaza” ”: Á concelleira María del Carmen González García
- IES “Fontexería” ”: Á concelleira María del Carmen González García
- IES “As Insuas” ”: Á concelleira María del Carmen González García
- Colexio de Educación primaria “Agra da Filgueira”: Á concelleira María del Carmen González García
- Escola de educación infantil de Muros: Á concelleira María del Carmen González García
- Escola de Educación infantil de Tal: Á concelleira María del Carmen González García
- Consello escolar Municipal: Á concelleira María del Carmen González García



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Segundo.- Designar como representantes municipais nas mancomunidades das que forma parte o Concello de Muros aos seguintes:

- Mancomunidade de concellos “Serra do Barbanza”: Á Sra. alcaldesa e un vogal de cada un dos grupos políticos municipais.
- Mancomunidade da Auga dos concellos de Carnota e Muros: Á Sra. alcaldesa e un vogal pertencente a cada un dos grupos políticos non integrados no goberno municipal.
- Mancomunidade “Xallas- Tines- Tambre”: a) Pleno: Á Sra. alcaldesa e dous vogais designados polos grupos políticos non integrados no goberno municipal; b) Xunta de Goberno Local: a Sra. alcaldesa.

Terceiro.- Designar como representantes do Concello de Muros nos órganos colexiados que se indican a continuación aos seguintes:

- Mesa local de Comercio: Á señora Alcaldesa e a Concelleira María del Carmen González García
- Rede Galega de Concellos para a Sustentabilidade: O concelleiro Juan Manuel Martínez Martínez
- Rede Galega de Dinamización Lingüística Representante político, a concelleira María del Carmen González García e representante técnico. Dona Graciela Castro Alvela, suplente, Don David Pastoriza Fernández

Cuarto.- A designación de vogais dos órganos colexiados polos grupos políticos farase mediante escrito do/a seu/súa voceiro/a dirixido á Alcaldía no prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte ao de adopción deste acordo.

Cuarto.- Dotación de medios a favor de grupos políticos

Intervén a alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero que procede a da lectura a proposta de acordo que eleva ao pleno da corporación que é do tenor literal seguinte:

Teño a ben elevar ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo, non obstante decidirá o que estime pertinente:

Primeiro.- Aprobar a seguinte dotación de medios a favor dos grupos políticos:

Dotación económica de 8.800 euros Dotación a cada grupo político: 40%, Dotación por concelleiros de cada grupo: 60%

Segundo .- Os membros da Corporación percibirán as seguintes indemnizacións por asistiren ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte:

- Xuntas de Goberno: 0 €.
- Pleno da Corporación: 63,37 €.
- Comisións Informativas: 31,90 €.

Ademais das variacións anuais que con carácter xeral dispoñan os Orzamentos Xerais para o funcionariado público.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Terceiro.- *Dispor a publicación deste acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello para o coñecemento xeral.*

Intervén a alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero que dí que a proposta é igual que na lexislatura pasada e conta con informe de intervención e a nosa idea e que os pagos a asignación a grupos se poda facer con carácter semestral.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño que pregunta se dixo semestral ao que lle contesta a alcaldesa que si, e que pensa que é o mesmo que estaba e o que votan en falta é medios técnicos a favor dos grupos políticos e dicir dispoñer dun local, unha fotocopiadora para poder facer oposición e o resto están de acordo.

Intervén a voceira do grupo municipal de Compromiso por Galicia dona María Xosé Alfonso Torres que dí que eles tamén están de acordo e non teñen ningún inconvinte.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón para dicir que están de acordo e que se vira a posibilidade de ofrecer algún tipo de oficina para poder levar a cabo a actividade diaria dos grupos da oposición.

Intervén a alcaldesa, dona Maria Inés Monteagudo Romero e di que valora o do local, os que están non concello están moi saturados pero é posible que quede algún valeiro non sabe se na casa da Toreana, se valorará e se está en dispoñibilidade de ser usado non hai problema en pactar un uso cos grupos políticos

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular e grupo municipal socialista, e a abstención do grupo municipal de Compromiso por Galicia e do grupo municipal do BNG adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a seguinte dotación de medios a favor dos grupos políticos:

Dotación económica de 8.800 euros Dotación a cada grupo político: 40%, Dotación por concelleiros de cada grupo: 60%

Segundo .- Os membros da Corporación percibirán as seguintes indemnizacións por asistiren ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte:

- Xuntas de Goberno: 0 €.
- Pleno da Corporación: 63,37 €.
- Comisións Informativas: 31,90 €.

Ademais das variacións anuais que con carácter xeral dispoñan os Orzamentos Xerais para o funcionariado público.

Terceiro.- *Dispor a publicación deste acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello para o coñecemento xeral.*



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Quinto.- Asignación de dedicacións exclusivas e parciais

Intervén a alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero que procede a da lectura a proposta de acordo que eleva ao pleno da corporación que é do tenor literal seguinte:

Teño a ben elevar ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo, non obstante decidirá o que estime pertinente:

Primeiro.- *Aprobar o réxime de asignacións de dedicacións exclusivas e parciais dos membros da Corporación de Muros que a seguir se detalla, con efectos desde a data de aprobación do acordo plenario da Corporación:*

1.- Alcaldía: dedicación exclusiva e unha remuneración bruta mensual de 2.400 € en catorce pagas ao ano.

2.- Primeiro tenente de alcalde cunha atención efectiva dun mínimo de 75% da xornada laboral ordinaria, cunha remuneración bruta mensual de 1.200,00 € en catorce pagas ao ano.

3.- Segundo tenente de alcalde, cunha atención efectiva dun mínimo de 75% da xornada laboral ordinaria, cunha remuneración bruta mensual de 1.200,00 € en catorce pagas ao ano.

4. Terceiro tenente de alcalde cunha atención efectiva dun mínimo de 75% da xornada laboral ordinaria, cunha remuneración bruta mensual de 1.200,00 € en catorce pagas ao ano.

Segundo.- *Dispor a publicación deste acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello para o coñecemento xeral.*

Terceiro -. *Unha vez se dite a resolución da alcaldía, os mesmos será dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.*

Intervén a alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero que di que presenta estas dedicacións, a dedicación exclusiva da alcaldía é a remuneración que ten como funcionaria e tres parciais que supoñen en total un incremento mensual de 600 euros co respecto ao que había no mandato anterior posto que o seu salario é 600 euros inferior. Conta a proposta con informe favorable de intervención

Intervén a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño que dí que non lle parece desorbitado nin moito menos e que lle parece ben. O que quere saber é si todos os concelleiros que teñen dedicación parcial van a ter alta no réxime de seguridade social.

Intervén a voceira do grupo municipal de Compromiso por Galicia dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que tendo en conta que se segue o que fixeron eles fai catro anos cando lle obrigaron a coller unha dedicación exclusiva lles parece ben porque é o mesmo criterio que seguiron eles. Quere dicir que lle satisfai ver recollido nun informe de intervención despois de estar escoitando despois de catro anos que estabamos a cobrar de maneira irregular por non modificar as bases de execución do orzamento, lle alegra persoalmente ver que non é necesario modificar esas bases e que é suficiente que se aprobe aquí no pleno da corporación.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG dona María Lestón Lago que dí que valoran positivamente esa baixada do salario da alcaldía que nos parecía bastante elevado e non teñen nada que obxectar os soldos que se designan. Lle parece uns salarios dignos e acordes cas posibilidades do concello e non se van a opoñer.

Intervén a alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que en canto ao tema da alta da seguridade social lle parece que si, polo que dí o acordo, pero farán unha consulta e lle dirán o resultado.

Pregunta a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño cal é a diferenza do seu soldo co da alcaldesa anterior o que lle contesta a alcaldesa que 600 euros menos mensuais.

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular, grupo municipal socialista e grupo municipal do BNG e a abstención do grupo municipal de Compromiso por Galicia, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o réxime de asignacións de dedicacións exclusivas e parciais dos membros da Corporación de Muros que a seguir se detalla, con efectos desde a data de aprobación do acordo plenario da Corporación:

- 1.- Alcaldía: dedicación exclusiva e unha remuneración bruta mensual de 2.400 € en catorce pagas ao ano.
- 2.- Primeiro tenente de alcalde cunha atención efectiva dun mínimo de 75% da xornada laboral ordinaria cunha remuneración bruta mensual de 1.200,00 € en catorce pagas ao ano.
- 3.- Segundo tenente de alcalde, cunha atención efectiva dun mínimo de 75% da xornada laboral ordinaria, cunha remuneración bruta mensual de 1.200,00 € en catorce pagas ao ano.
4. Terceiro tenente de alcalde cunha atención efectiva dun mínimo de 75% da xornada laboral ordinaria, cunha remuneración bruta mensual de 1.200,00 € en catorce pagas ao ano.

Segundo.- Dispor a publicación deste acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello para o coñecemento xeral.

Terceiro -. Unha vez se dite a resolución da alcaldía, os mesmos será dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

Sexto.- Ratificación da urxencia e aprobación da avaliación e seguimento do cumprimento do Plan económico-financieiro 2018-2019. Adopción de medidas coercitivas por incumprimento do límite da regra de gasto.

Intervén a alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que se trae un punto urxente a este pleno que dita inclusión é por urxencia e que precisa da maioría absoluta dos membros da corporación para a súa inclusión. Como consecuencia do incumprimento da regra de gasto no exercicio 2017 o pleno da corporación aprobou un plan económico financeiro para os exercicios 2018 e 2019. En xuño o señor interventor emitiu un informe no que dou conta do incumprimento da regra de gasto previsto no plan económico financeiro durante o exercicio 2018. Incumprimento que se dou nos



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

capítulos dous e catro. O 14 de xuño a consellería de facenda remitiu un requerimento para a adopción dun acordo de non dispoñibilidade de crédito de 58,292,45 euros polo incumprimento indicado. A normativa establece que no prazo de 15 días deberá aprobarse o acordo de non dispoñibilidade de crédito que garanta o obxectivo de estabilidade. O incumprimento do PEF foi informado pola intervención en data 3 de xuño polo que o prazo está amplamente superado de ahí a urxencia deste acordo.

Da a palabra para turnos de intervención para ratificar a urxencia

Intervén a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño que dí que lle parece normal que houbera que traelo no primeiro pleno porque hai que arranxalo de algunha maneira.

Intervén a voceira do grupo municipal Compromiso por Galicia dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que están de acordo en que é urxente.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón para dicir que tampouco teñen nada que obxectar.

Por unanimidade dos membros presentes se ratifica a urxencia e a inclusión do punto da orde do día

Intervén a alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que pasa a debatir a proposta da alcaldía que é á seguinte:

Primeiro. Declarar a urxencia do asunto e, por conseguinte, ratificar a súa inclusión na orde do día da presente sesión.

Segundo. Adoptar acordo de non dispoñibilidade, e en consecuencia, reter créditos por importe total de 58.292,45 euros no estado de gastos do Orzamento Municipal de 2015 -prorrogado no exercicio 2019, de acordo co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Xustificación	Crédito inicial 2019	Gasto realizado 2019	Crédito dispoñible (1)	Proposta de Crédito non dispoñible	Crédito non dispoñible por capítulos
132.12003	Seguridade e Orde Público Soldos Grupo C1	Xubilación de funcionarios en 2ª actividade.	94.358,86	17.500,72	76.858,14	26.731,20	35.518,81
132.16000	Seguridade e Orde Público. Cotas S.S.	Xubilación de funcionarios en 2ª actividade.	83.988,43	21.882,08	62.106,35	8.787,61	
341.22719	Promoción e fomento do deporte	Remate renting adquisición maquinaria da piscina	32.000,00	0,00	32.000,0	14.884,22	22.773,64



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

		<i>municipal</i>					
920.22799	<i>Servizos de carácter xeral</i>	<i>Organización fondo documental</i>	3.000,00	538,78	2.461,22	(2) 7.889,42	
<i>Total</i>			228.357,29	44.101,87	184.245,42	58.292,45	58.292,45

(1) A data de emisión do informe de Intervención.

(2) (3) Non dipoñibilidade sobre saldo de crédito no nivel de vinculación xurídica.

Terceiro. Dar traslado a Intervención e Tesourería Municipal e a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero abre un turno de intervencións.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño que dí que non lle colle de sorpresa que tan pronto chegou o novo goberno viu por enriba despois de oír por activa e pasiva de que deixaran o concello saneado e de primeiras se atopa cun incumprimento da regra de gasto que estaba “cantado” outra cousa distinta pasaba no Facebook pero iso non é o concello de Muros. Que é moi fácil poñer cara de risa e mentirlle ós muradans. Di tamén que o mesmo lle pasou a eles cando chegaron e se atoparon con caixóns cheos de facturas. Lles gustaría que iso non fora así e que Muros a partir de agora tivera remanente e afrontar novos retos e ve que van a estar un tempo arraxando o gran desfeito e este requerimento que pensa que seguramente xa recibiron e non contestaron, que era a dinámica de Compromiso por Galicia e que o que se lee e que deixaron hipotecado o concello ao non cumprir a regra de gasto e o plan económico financeiro que xa empezaron a incumplir cos seus soldos. Di que este asunto é urxente e lle da as gracias o goberno por traelo o primeiro pleno.

Intervén a voceira do grupo municipal de Compromiso por Galicia dona María Xosé Alfonso Torres que di que segundo o informe de intervención a capacidade de financiamento do ano 2018 e de 870.726,32 euros esta é a diferenza entre ingresos e gastos e esta é a desfeita que deixou Compromiso por Galicia. O que se incumpre e a regra de gasto obxectivo do plan económico financeiro non a regra de gasto de 2018 e di que como isto é difícil de entender que haxa un remanente de casi 900.000 mil euros que se poden gastar como é posible que se incumpra a regra de gasto. O que fai a regra de gasto e comparar o que se gasta un ano co ano inmediatamente anterior. No ano 2018 non se incumpriu a regra de gasto senón o previsto no plan económico financeiro en 56.000 euros a pesar dese remanente positivo e esa é a desfeita que deixou Compromiso por Galicia un montón de cartos para poder gastar este ano, a deuda do concello reducida, o periodo medio de pago a provedores reducido de 128 días a trinta ou trinta e pouco. Están de acordo en sacar adiante esta proposta porque o tería que facer o goberno que fora e é resultado da súa xestión e por suposto que van a votar a favor.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón para dicir que entenden que esta situación non é culpa do actual goberno que acaba de entrar, que é un trámite que hai que facer e que lle dan os días de cortesía como se adoitan chamar e si queren pedir xa que empecen canto antes a



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

traballar nuns orzamentos para non verse na situación destes catro anos e que convoque a todos os grupos para facelos en consenso pola situación débil deste goberno.

Intervén a alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que lle gustaría sinalar tal e como dí o informe de intervención que para garantir a minoración derivada da declaración de créditos non dispoñibles deberán adoptarse as seguintes medidas:

- a) Non proceder no exercicio 2019 a cobertura definitiva ou temporal das prazas vacantes por xubilación, adoptando as medidas necesarias para a asignación das funcións de segunda actividade que viñan desempeñando a outro persoal en plantilla.
- b) Non realizar no exercicio adquisición algunha de bens de equipo para o ximnasio da Piscina Municipal.
- c) Non realizar traballos adicionais sobre o arquivo documental durante o ano 2019.
- d) Adoptar as medidas necesarias para que non se produzan no exercicio sancións por verquidos procedentes da Comunidade Autónoma

Esta é a situación que temos e iremos avaliando ao longo destes meses. Pregunta se alguén quere facer outra intervención.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño para dicir que está clarísimo que a frase “concello hipotecado” lle vai ao pelo e que nos conte o goberno salinte que fixo pero a realidade é a que di a señora alcaldesa que dí que non podemos arranxar un montón de cousas como dotar de persoal ao concello que o deixaron sen persoal, que a policía local e a cuadrilla de obras está desmantelada e o concello de Muros ao mellor non entende de números moi polo miúdo pero o que si entende é que non hai policía local, cuadrilla de obras e que non somos capaces de acometer as necesidades que hai de limpeza, reparacións e recollidas de residuos e que isto e consecuencia de que en catro anos non foron quen nin se lles pasou pola cabeza traer ao pleno unha proposta duns orzamentos. Este é o problema que se arrastra.

Intervén a voceira do grupo municipal de Compromiso por Galicia para dicir que simplemente quere dicir que se apuntan á solicitude que fai o grupo municipal do BNG de poñerse a traballar en canto se poida nun novo orzamento e reiterar unha vez máis que xa o comunicaron en varias ocasións que Compromiso por Galicia si mirará o borrador que se lles envíen e farán propostas para ese novo orzamento e que eles non van a bloquear a aprobación duns novos orzamentos e intentarán axudar a que non se teña os problemas que houbo nestes catro anos pasados.

Intervén a alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que en canto teñan aclarada algunha outra situación que se irán vendo ao longo dos plenos que veñan se porán a traballar nos orzamentos e o farán dende logo aplicando o diálogo e entregando a documentación que coresponda en cada caso cousa que non sempre se fixo.

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular, grupo municipal socialista, grupo municipal de Compromiso por Galicia e a abstención do grupo municipal do BNG, adopta os seguintes acordos:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Primeiro. Declarar a urxencia do asunto e, por conseguinte, ratificar a súa inclusión na orde do día da presente sesión.

Segundo. Adoptar acordo de non dispoñibilidade, e en consecuencia, reter créditos por importe total de 58.292,45 euros no estado de gastos do Orzamento Municipal de 2015 -prorrogado no exercicio 2019, de acordo co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Xustificación	Crédito inicial 2019	Gasto realizado 2019	Crédito dispoñible (1)	Proposta de Crédito non dispoñible	Crédito non dispoñible por capítulos
132.12003	Seguridade e Orde Público Soldos Grupo C1	Xubilación de funcionarios en 2ª actividade.	94.358,86	17.500,72	76.858,14	26.731,20	35.518,81
132.16000	Seguridade e Orde Público. Cotas S.S.	Xubilación de funcionarios en 2ª actividade.	83.988,43	21.882,08	62.106,35	8.787,61	
341.22719	Promoción e fomento do deporte	Remate renting adquisición maquinaria da piscina municipal	32.000,00	0,00	32.000,0	14.884,22	22.773,64
920.22799	Servizos de carácter xeral	Organización fondo documental	3.000,00	538,78	2.461,22	(2) 7.889,42	
		Total	228.357,29	44.101,87	184.245,42	58.292,45	58.292,45

(1) A data de emisión do informe de Intervención.

(2) (3) Non dispoñibilidade sobre saldo de crédito no nivel de vinculación xurídica.

Terceiro. Dar traslado a Intervención e Tesourería Municipal e a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Finaliza a alcaldesa dicindo que literamente di: quero agradecer a todos as vosas aportacións a vosa actitude e espero que entre todos sexamos capaces de que o noso concello vaia saíndo para diante. Moitas grazas.

Non caben rogos e preguntas por tratarse dun pleno extraordinario e boas tardes a todos.

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as catorce horas e corenta e cinco minutos , de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria Xeral.

Documento asinado electrónicamente



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)